

Unidade

7



Esta unidade

Leitura e comprensión
Memorias de Hausa

Vocabulario
Campo. Os préstamos léxicos

Gramática oral
Reconstrución de erros e
correccións

Gramática escrita
Textos mesturados

Gramática
O predicado. Tipos de
predicado

Ortografía
Uso da coma. Uso dos dous
puntos

Recursos
Creación dun blog

Antes de ler

Hausa, o protagonista da lectura, recorda de maior a súa terra natal.

- ¿Como é o lugar onde vives? ¿Que é o que máis che gusta del? ¿E o que menos?
- ¿Gustaríache ir vivir a outro lugar? ¿Por que?


As lembranzas de Hausa

O meu verdadeiro nome é Abdulahi, pero desde que saín da miña terra case sempre me din Hausa. Cando era pequeno, a bisbarra onde eu nacín, na que caben uns cantos campos de fútbol, figurábaseme un universo enteiro. Daquela coidaba que o mundo remataba onde as **carrilleiras** se funden co horizonte no alto do outeiro e a silueta de dúas acacias espiñentas marcábanme o final. ¿Para que necesitaba eu outros mundos? Todo canto me facía feliz estaba para o lado de acá das mimosas.

Encantábame xogar aos espantallos entre os sucos de cacahuetes; parecer un ser inerte vestido de farrapos cos brazos en cruz e recobrar a vida no momento menos esperado para asustar a alguén. Tamén me reinaba brincar ás escondidas no medio da poeira en ronsel que deixaban os rabaños de vacas ao achegárense impacientes ao pozo; imaxinábame o espírito do po ou o alento das vacas.

Vivíamos nunha choza de barro con teito de palla. Hoxe, que me son familiares as rúas de París, recoñezo que me parece humilde, pero daquela semellábame tan fermosa coma os mesmos pazos de Agadés. Eu esperaba cada ano con ilusión que chegase o final da *daamunaa*, pois era o momento de repoñer e acariñar coas mans a capa exterior de arxila, labor no que participabamos todos os membros da familia.

Tamén me gustaba facer de paleteiro e igualar o colmo da cuberta. Á hora de arranxarmos o *celeiro*, meu pai levantábase en alto para chantarlle un ramo no pico do *capelo* e dar deste xeito a obra por concluída. De ano en ano repetíase a faena seguindo decote idénticos pasos, como cumprindo un rito aprendido que toda a familia tiña memorizado dentro das propias veas.



carrilleira: camiño estreito que se destina ao paso do carro e que se utiliza como servizo para as leiras.

O tío Muhammad ía colgando arredor da casa as máscaras que labraba minuto a minuto. Eu imaxinaba tras dos seus ollos avultados as sentinelas que velaban para que ningunha pantasma xurdise das tebras para roubarnos os sonhos. Cando o tío completaba o círculo, aparecía para mercalas un home de turbante negro e cargábaas na furgoneta con moita delicadeza. Ese día, co diñeiro que recibía o tío, celebrabamos un convite e tomabamos costela de año e sobremesa de améndoas.

Os meus ollos de meniño vían na aparición de Almansur, home misterioso e **de pouca verba** onde os haxa, a chegada dun rei mago e, coma min, outros moitos cativos da contorna. Ao sentirmos o fungar ruidoso da súa vella camioneta, plantabamos calquera labor que estiveramos facendo e saíamos **ás alancadas** para tratar de ser o primeiro en montar nela. Xa no alto, dabamos vivas de alegría, moito máis contentos ca nun carrusel de festa. ¡Abofé que estabamos ben enganados!

As noites debuxaban a miúdo unha lúa enorme no horizonte que nos miraba unhas veces cara a cara e outras prefería observarnos a través dun finísimo veo de seda. Sempre me daba gana de estirar o brazo e pegarlle un belisco para coller un anaquiño e poñelo de ramo no curuto do celeiro.

¡Canto me prestaba sentarnos diante da cabana e escoitar as fermosas historias das sabias raíñas! Gamata..., Xata..., Batatume..., Sandamata... moi pronto empezaron a ter dons especiais e ser para min fadas capaces de **pernoctar** baixo as flores agachadizas dos cacahuetes.

O avó prestáballes un protocolo moi especial ás fazañas da raíña Amina, ás cidades e pazos que fundou e, sobre todo, á expedición ao mando dos seus vinte mil soldados para levar as terras hausas ata as vastas augas do océano.

*Ben máis fermosos cá corte de Saba,
campan os pazos de Amina de Zaria.*

Xoán Babarro,
Sempre Hausa, Ed. Galaxia.

de pouca verba: pouco falador.

ás alancadas: a correr.

pernoctar: pasar a noite.



Comprensión

1 ¿Cal é o verdadeiro nome do protagonista da lectura? ¿Como lle chaman desde que saíu da súa terra?

2 Responde estas preguntas sobre a lectura.

- ¿Con que compara o protagonista a extensión da súa bisbarra ou comarca?
- ¿Que lle parecía a el a súa bisbarra?
- ¿Que elementos marcaban o final do seu mundo?

3 ¿A que lle gustaba xogar? Completa este esquema no teu caderno.

1.º xogo

.....
¿Por que lle gustaba?
.....

2.º xogo

.....
¿Por que lle gustaba?
.....

5 ¿Como describe o protagonista a súa casa? Completa esta ficha no teu caderno.

Tipo de casa e material:

Actividades relacionadas coa casa que lle gustaban:

6 O protagonista da lectura recorda tres persoas da súa infancia. Indica:

- Quen eran e como eran.
- A que se dedicaba cada un deles.
- Que imaxinaba o protagonista relacionado con cada un deles.

7 Agora indica todas as cousas que lle gustaba facer a Hausa na súa terra natal.

Reflexiona

8 O protagonista da lectura recibe o nome de Hausa polo pobo africano hausa, ao que el pertence. ¿Cantos datos temos na lectura sobre este pobo?

- Entra nesta páxina de Internet http://es.encarta.msn.com/encyclopedia_761570414/Hausa.html e indica en que países africanos viven, cantos son aproximadamente, os principais acontecementos da súa historia, que relixión practican, que lingua falan...

9 Hausa emigrou a París. Xustifica esta afirmación con palabras da lectura.


- ¿Que sente pola súa terra natal? ¿Que sentirías ti se tiveses que emigrar?



O campo

10 Localiza e copia todas as palabras da lectura relacionadas co campo.

11 Asocia cada elemento da imaxe co seu nome.



silva • margarida • montaña • outeiro • val • río • papoula • toxo • carreiro
castiñeiro • lagoa • regato • leira • sebe • fraga • carballo

12 Ordena estas letras e obtén o nome de dez animais que viven no campo.

esíoqu

lirabax

eoocll

gartola

llebaa

vrcoe

brele

peres

gatepín


róneil

13 Inventa un texto onde describas un paseo polo campo. Emprega a maior cantidade posible das palabras anteriores.



Os préstamos léxicos


En ocasións, precisamos nomear elementos ou conceptos que se acaban de inventar ou que non tiñamos e non temos unha palabra para eles. Entón, temos que botar man de palabras doutras linguas. Esas palabras chámanse **préstamos léxicos**.



Pizza

Procede do italiano «**pizza**».

Escríbese igual que na lingua orixinaria.



Bisté

Procede do inglés «**befsteak**».

Adaptouse ao galego.



Os **préstamos léxicos** son palabras doutras linguas que nomean conceptos ou elementos para os que non tiñamos nome.

Ás veces, mantemos as palabras igual que na lingua orixinaria (*pizza*) e outras veces adaptámolas ao galego (*bisté*).

Exercicios

- 1** Escribe as palabras galegas que proceden destas. Faino no teu caderno.

inglés «**shampoo**»:

noruegués «**ski**»:

azteca «**chocolatl**»:

inglés «**smoking**»:

francés «**marmotte**»:

italiano «**violino**»:

francés «**garage**»:

castelán «**bocadillo**»:

— Clasifica as palabras anteriores mantiveron igual que na lingua orixinaria ou tendo en conta se se adaptaron ao galego.

- 2** Completa estas oracións coas palabras galegas do exercicio anterior que cadren ben.

- Un dos deportes que máis me gusta
.....
- A é un animal que ten a sonda de moi durmiñón.
- Rita vai ao conservatorio aprender a tocar
.....
- Non deixes o coche fóra, méteo no
que vai chover.
- Eu son moi lambón: encántanme os doces
O

- 3** Busca estas palabras no dicionario en <http://digalego.com/diccionario/html/> e indica a súa procedencia: *casting*, *iceberg*, *paella*, *azul*, *pataca*.



Detección de erros e incoherencias

14 Forma parella cun compañeiro ou compañeira e lede este texto en voz baixa.

— Detectade os cinco erros e incoherencias que hai neste texto.

A historia do cabaliño na neve

Un día de calor estaba un poldro na corte. Aquel sitio era estreito e escuro e iso poñía triste o cabaliño. Non facía máis que pensar no prado e en correr por fóra de acá para alá. Naquela corte tiña que comer feo e avea, pero el prefería a herba fresca. Así que decidiu escapar para o prado. Pero caera unha nevarada e el nunca vira a neve. Estaba asustado porque todo era moi branco e quente. Ademais non había máis cabalos no prado! Rinchou: «¡Miau, miau, miau!». Os cabalos que estaban na corte oírono e tamén rincharon: «¡Ui-hi-hi-hi!». Pero non podían correr onda el, estaban soltos. Agora xa non estaba tan triste coma antes, de boa gana quedou alí.

Axiña pasou o inverno, con el foise a neve e todos os cabalos puideron saír ao prado. O poldro correu de acá para alá, deu grandes saltos e comeu moita herba fresca. Sentiuse moi triste.

Úrsula Wölfel, *27 historias para tomar a sopa*,
Ed. Kalandraka, adaptación

— Poñede en común a vosa resposta co resto da clase.

15 Introdúcese seis erros e incoherencias nestoutro texto.

A historia da tartaruga e o ourizo

Había un neno que tiña unha tartaruga que estaba sempre triste. Non quería estar soa naquela caixa estreita. O neno dáballe leituga e ervellas, pero ela seguía triste. O neno aloumiñouna, pero como seguía estando triste, colleu a caixa, levouna ao xardín e díxolle: «Quizais te poñas máis contenta ao sol». Despois foi correndo a xogar á rúa. A tartaruga subiu pola caixa. Buscou outra tartaruga polo xardín, pero ela era a única tartaruga que había. Soamente había paxaros que piaron: «¿Que clase de animal es ti?»

E os gatos dos arredores díxéronlle ensinando as unllas: «¿Que tipo de animal tan horrible es ti?». Entón a pobre tartaruga aínda se puxo máis triste. Quíxose agochar nun arbusto pero xa estaba o ourizo. A tartaruga estaba moi asustada, quería fuxir e volver á caixa. Pero o ourizo berroulle: «¿E ti quen es? ¡Gústasme!». O ourizo e a tartaruga fixéronse amigos. Agora a tartaruga sempre estaba contenta. O neno decatouse e non volveu metela na caixa. Agora podía quedar sempre no xardín co seu querido ourizo.

Úrsula Wölfel, *27 historias para tomar a sopa*,
Ed. Kalandraka, adaptación

— Lede o texto con calma.

— Pensade que erros e incoherencias podedes introducir e onde. Poden ser erros de concordancia, cambios de personaxe, de lugar, de tempo, volver dicir o que xa se dixo...

— Copiade o texto introducindo os erros e as incoherencias.

— Un dos dous leralle o texto ao resto da clase para que detecten os erros e as incoherencias.

Os textos mesturados

Velaquí dous textos mesturados. Pertencen a dous relatos do libro *A nena pálida* de Xosé Miranda. Imos separar tendo en conta que cada un deles ten un tema, uns personaxes, un lugar e un tempo diferentes.

Levabamos varias noites escoitando aqueles pasos, ou aqueles golpes que semellaban os duns pés bailando, rítmicos, tenues, case inapreciables, no faiado.

—No ano 1989, sempre segundo o bretón, os ciclistas foron repetidamente importunados por unha presenza indefinida, activa sempre no seo do pelotón e nunca claramente delimitada. Eu insistía en que polas noites entraba alguén na parte alta do caserón. Etapa tras etapa todos tiveron a sensación de que no grupo sobrava algo, había alguén máis, un corredor que non pertencía a ningún equipo nin era coñecido por ninguén. O meu irmán, en cambio, non facía máis ca rirse de min e dicir que sería unha curuxa que entraba polo fachinelo e, como no cómic de Tintín, levaba postas unhas vellas botas. Cando o pelotón se fragmentou, nos primeiros somontes dos Pireneos, esa presenza estaba ao mesmo tempo en todos os grupiños.

—Tamén pode ser unha pantasma que baila un valse cos calcetíns postos —dixo el burlándose—, por iso se oen os pasos tan apagados. Os que ían en cabeza crían levar á roda alguén que non colaboraba. Waclaw, que foi moitos quilómetros fugado en solitario, coidaba levar un compañeiro de fuga.

A verdade é que as casas antigas, se non teñen faiado, non son verdadeiras casas, segundo lin eu nun libro que lle chaman *Viaxes ao ultramundo*. Ao día seguinte abandonaron 27 corredores, caso *récord* na historia do Tour.

Levabamos varias noites escoitando aqueles pasos, ou aqueles golpes que semellaban os duns pés bailando, rítmicos, tenues, case inapreciables, no faiado. Eu insistía en que polas noites entraba alguén na parte alta do caserón. O meu irmán, en cambio, non facía máis ca rirse de min e dicir que sería unha curuxa que entraba polo fachinelo e, como no cómic de Tintín, levaba postas unhas vellas botas.

—Tamén pode ser unha pantasma que baila un valse cos calcetíns postos —dixo el burlándose—, por iso se oen os pasos tan apagados.

A verdade é que as casas antigas, se non teñen faiado, non son verdadeiras casas, segundo lin eu nun libro que lle chaman *Viaxes ao ultramundo*.

—No ano 1989, sempre segundo o bretón, os ciclistas foron repetidamente importunados por unha presenza indefinida, activa sempre no seo do pelotón e nunca claramente delimitada. Etapa tras etapa todos tiveron a sensación de que no grupo sobrava algo, había alguén máis, un corredor que non pertencía a ningún equipo nin era coñecido por ninguén. Cando o pelotón se fragmentou, nos primeiros somontes dos Pireneos, esa presenza estaba ao mesmo tempo en todos os grupiños. Os que ían en cabeza crían levar á roda alguén que non colaboraba. Waclaw, que foi moitos quilómetros fugado en solitario, coidaba levar un compañeiro de fuga. Ao día seguinte abandonaron 27 corredores, caso *récord* na historia do Tour.

1 Analiza cada un dos textos anteriores nunha ficha coma esta.

- | | |
|---------|--------------|
| • Tema | • Personaxes |
| • Lugar | • Tempo |

2 ¿Atrévete a separar estas dúas noticias mesturadas? Sigue estes pasos:

- Copia o texto das noticias no caderno e leo atentamente.
- Subliña con cores distintas os fragmentos que correspondan a cada noticia.
- Como pista, dámosche o título de cada unha delas.

O maquiavélico plan do chimpancé Santino

A foca monxe atopa en Mauritania un dos seus últimos refuxios


Un de cada tres exemplares desta especie ameazada de extinción sobrevive nas costas do país africano. O primate de 30 anos selecciona pedras, púeas e guíndallelas con agresividade aos visitantes dun zoolóxico sueco.

Santino, un chimpancé de 30 anos, veulles dar a razón aos científicos cognitivos que estudan os primates: os animais fan plans de futuro, do mesmo xeito que os humanos, e poden ser tan malintencionados coma eles. Un de cada tres exemplares de foca monxe, das apenas 500 que quedan no mundo, atopou na península mauritana de Cabo Blanco, a escasos quilómetros da capital económica do país, un dos seus últimos refuxios.

Desde hai dez anos, os coidadores do zoo de Furuvik, ao norte de Estocolmo, viñeron observando a Santino, que ten o costume de recoller pedras, seleccionalas e puílas con toda a calma para logo guíndalas con premeditación e a traizón contra os visitantes do parque. Para estes mamíferos de ata 360 quilos de peso e tres metros de lonxitude, que se atopan entre as especies máis ameazadas de extinción, ese lugar natural próximo a Nuadibú constitúe unha das súas principais oportunidades de supervivencia.

Coñecedoras desta situación, as autoridades mauritanas decretaron en 1986 a bautizada como «costa das focas» como zona de acceso prohibido e mantiveron ese privilexio co obxectivo de protexer a colonia da ameaza inherente á actividade pesqueira. Para os científicos cognitivos da Universidade de Lund, no sur de Suecia, esta é unha das primeiras «probos claras de que un animal distinto do home pode facer plans para o futuro de xeito espontáneo».

«Estas observacións demostran de forma convincente que os nosos irmáns os monos consideran o futuro de modo complexo... e teñen unha conciencia altamente desenvolvida», afirma Mathias Osvath, autor principal dun estudo publicado hoxe na revista *Current Biology*. Membros do Parque Nacional do Banco de Arguin patrullan cada día os seus preto de dous quilómetros cadrados de superficie a bordo de zódiaes co apoio da Mariña Nacional. Pero os esforzos deses equipos e do plan de salvamento deses animais lanzado no 2001 no país, que prohibe toda actividade humana na devandita costa, chocan moitas veces coa forza da natureza.



O predicado

¿Sabes que o **predicado** é aquilo que se di do suxeito, ¿non si?

- Copia estas oracións no caderno e subliña o predicado.

- O esquí comía unha saborosa landra.
- O alpinista chegou ao cumio da montaña.
- O xabarl cruzou a leira a escape.
- Raquel xogou ás cartas toda a tarde.
- Ese traxe custa moitos cartos.
- Paula canta unha canción.



Igual ca o suxeito, o predicado tamén ten un núcleo que, neste caso, é un **verbo** conxugado.

O rapaz **come demasiadas lambetadas**.

Predicado: *come demasiadas lambetadas*. **Núcleo do predicado:** o verbo *come*.

— Sinala no teu caderno o núcleo do predicado nas seis oracións anteriores.

Tipos de predicados

Segundo os verbos que formen o predicado, podemos distinguir entre *predicado nominal* e *predicado verbal*.


O **predicado nominal** está formado por un destes verbos: *ser*, *estar*, *parecer* ou *semellar*.

O neno **é moi intelixente**.

Predicado nominal
Verbo *ser*.

Esa casa **semella vella**.

Predicado nominal
Verbo *semellar*.



O predicado verbal está formado por calquera outro verbo.

O cervo **come moita herba.**

Predicado verbal
Verbo *comer*.

A rapaza **nada no río.**

Predicado verbal
Verbo *nadar*.

— Indica se os predicados das seis oracións anteriores son nominais ou verbais. Xustifica a túa resposta.



O **predicado** é aquilo que se di do suxeito. O núcleo do predicado é un **verbo** conxugado.

Hai dous tipos de predicado:

- Predicado **nominal**, se o verbo é *ser*, *estar*, *parecer* ou *semellar*.
- Predicado **verbal**, se o verbo é calquera outro.

1 Copia estas oracións e identifica o predicado.

- Os meus amigos riron a gargalladas cos vosos chistes.
- Os nenos pequenos son moi intelixentes.
- O gato de Sandra está moi canso.
- O teu gato rabuña todas as paredes da nosa casa.
- O can ládralles aos veciños.
- A cadeliña corre detrás da lebre.
- Ese coche vello acende moi ben.
- O señor da foto parece moi guapo.

— Subliña o núcleo do predicado nas oracións anteriores.

— Clasifica as oracións anteriores segundo teñan predicado nominal ou verbal.

2 Inventa oracións con estas características.

O rapaz + predicado verbal

Marta + predicado nominal

A moto do veciño + predicado nominal

O río + predicado verbal

Beatriz + predicado verbal

Uso da coma

— Clasifica estas oracións no teu caderno segundo a norma de uso da coma que sigan.

Usamos a coma para...

- As margaridas, que son preciosas, estendíanse coma un manto ata o pé da montaña.
- É un rapaz moi espelido, é dicir, sábeas todas.
- Sonia, trae os garfos e as culleres.
- Na aula estaban Sofía, Rosa, Raquel e Luís.
- Eu quero xamón e ti, queixo.

- ...separar os elementos dunha enumeración:
- ...separar o nome da persoa a quen nos diriximos do resto da oración:
- ...separar expresións como é *dicir, por exemplo, por último...*:
- ...introducir aclaracións:
- ...indicar a ausencia dun verbo que xa se mencionou con anterioridade.:

Uso dos dous puntos

— Asocia no teu caderno cada exemplo coa norma correspondente de uso dos dous puntos.

Exemplos

- O mestre dixo: «Mañá iremos de excursión».
- Querida Sandra:
- No campo vin: un coello, unha lebre, un lagarto e un esquío.

Usamos os dous puntos...

- ...despois dos saúdos nas cartas.
- ...antes das enumeracións.
- ...para introducir algo que dixo ou escribiu outra persoa.

1 Pon todas as comas e os dous puntos que se precisen neste texto.

Querida Amina

¿Que tal estás? No teu último correo electrónico dicíame «Teño tantas actividades extraescolares que estou esgotada». ¿Aínda segues indo a natación a atletismo ao conservatorio e a patinaxe todas as tardes? Eu téñoche poucas novidades a avoa sandou e Rosa aínda segue enfadada comigo é dicir estou contenta e tamén triste. Eu sei que me aproveitei algo da nosa amizade. Sempre lle estaba a dicir «Rosa fai isto; Rosa fai estoutro». Agora decateime pero creo que xa é demasiado tarde. Ela fartouse da miña actitude e xa non quere ser amiga miña.

A ver se tes un momento libre e chateamos, ¿vale? Un bico enorme.


Ana

Creación dun blog

Como vimos na unidade anterior, un **blog** é un lugar en Internet onde as persoas poden deixar os seus comentarios, opinións, gustos, pensamentos, reflexións... sobre diferentes temas ou, mesmo, contarnos a súa propia vida. E todo isto, de xeito gratuíto.

Nesta unidade, imos aprender a crear un blog. A creación dun blog é algo moi sinxelo e permite que as persoas se comuniquen dunha forma simple.

— Entramos nunha destas páxinas.



<http://blogaliza.org>



<http://www.blogger.com/start>

- Facemos clic na pestana *Crear un blog*.
- Cubrimos o apartado de *usuario* (por exemplo, o noso nome, o dun animal...) e o noso *correo electrónico*.
- Deseguido, aparécenos unha páxina na que temos que poñer o *título* do noso blog: pode ser o tema do que queremos opinar.
- Despois, temos que activar o noso blog. Para iso hai que seguir estes pasos:
 - Entrar no noso correo electrónico.
 - Abrir a mensaxe que recibimos da páxina na que queremos crear o blog.
 - Facer clic sobre o enlace que nos aparece na mensaxe.
 - Anotar o nome de usuario e a clave que nos aparecerá nesa páxina.
- Por último, para entrar no noso blog, volvemos á páxina na que creamos o blog (<http://blogaliza.org> ou <http://www.blogger.com/start>).
- Aí cubrimos o recadro de *usuario* e da *clave* e... ¡xa estamos dentro do noso blog!



Formade grupos e create o voso propio blog seguindo as pautas anteriores.

Para acabar

1 Busca nesta sopa de letras as palabras relacionadas co campo correspondentes a estas definicións.

- Camiño estreito que pasa entre montañas polo que só poden transitar persoas ou animais.
- Cercado feito de silvas, estacas e ramas.
- Corrente de auga pouco abundante, de leito estreito e profundidade escasa.
- Pequena elevación de terreo illada, con pendentes pronunciadas e cumios con tendencia á horizontalidade.
- Elevación natural do terreo, que supera como mínimo os 350-400 m de altitude.
- Corrente natural de auga, máis ou menos continua e de caudal variable, que drena unha conca dunha extensión determinada.

c	e	r	i	o	b	i	f	o	x
a	v	p	q	e	x	f	o	f	m
r	i	o	f	p	o	o	m	p	o
r	n	i	p	h	x	t	r	p	n
e	t	f	t	s	e	b	e	g	t
i	a	b	r	b	x	p	g	r	a
r	o	f	f	o	v	t	a	f	ñ
o	u	t	e	i	r	o	t	g	a
p	r	f	r	g	x	p	o	f	c
b	o	m	b	g	t	l	a	s	x

2 Completa estas oracións con préstamos léxicos que vimos na unidade.

- Teu avó aparcou o coche no
- O Titanic naufragou por culpa dun
- A miña comida preferida é o de tenreira con fritidas.
- As pedras de están húmidas.
- Miña curmá toca o de marabilla.

— Indica a lingua orixinaria de cada un dos préstamos anteriores.

3 Subliña o predicado das oracións do exercicio anterior.

— Rodea o núcleo de cada predicado.

— Clasifica as oracións segundo teñan predicado nominal ou verbal. Faino en cadros coma estes.

Predicado nominal

.....
.....

Predicado verbal

.....
.....

4 Pon as comas e os dous puntos que se precisen neste texto.

Sara vai comprar estes produtos leituga tomate vinagre aceite e sal. A mamá logo vai vir e deixou dito «Para xantar facede unha ensalada de leituga e tomate e para cear unha tortilla francesa».